

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 21 DE MARZO DE 2024.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e minutos do 21 de marzo de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

### **Concelleiros/as :**

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.  
D<sup>a</sup> MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ ( PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)  
D JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (PP)  
D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP)  
D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ ( PP)  
D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( PSOE)  
D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ ( PSOE)  
D LUIS GULÍN IGLESIAS ( PSOE)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)  
D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)  
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RENC)

**Alcalde.-** Moi boa tarde a todos e todas, , imos comenzar a sesión ordinaria do pleno de 21 de marzo de 2024..

### **1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓN S CELEBRADAS: ORDINARIA DO 29 DE FEBREIRO DE 2024.**

Non formulándose observacións, fica aprobada por asentimento.

### **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 28 de febreiro, sobre aprobación de liquidación do Orzamento 2023.

Do 29 de febreiro, sobre vacacions.

Do 1 de marzo, sobre expediente de incorporación de créditos núm. 1/2024.

Do 4 de marzo, unha sobre liquidación de taxa, dúas sobre nomeamento de tribunal para proceso de emprego público, unha sobre concesión de vados, dúas sobre

fraccionamento de débedas, catro sobre exención e bonificacións de ITVM, unha sobre baixa de taxa e tres sobre baixas de impostos.

Do 5 de marzo, unha sobre venda forzosa de inmovible, dúas sobre providencia de prema, sobre comunicacion previa de obras.

Do 6 de marzo, unha sobre recoñecemento de trienio de persoal laboral,

Do 7 de marzo, unha sobre nomeamento de tribunal, unha sobre comunicacion previa de obras, dúas sobre empadronamento.

Do 8 de marzo, sobre comunicación previa de obras.

Do 11 de marzo, sobre comunicación previa de obras, tres sobre liquidación de plusvalias, unha sobre concesión de servicio Xantar na casa, dez sobre liquidación de taxas.

Do 12 de marzo, sobre expedición de tarxeta de empadronamento, unha sobre empadronamento, unha sobre execución subsidiaria.

Do 13 de marzo, unha sobre concesión de servicio de axuda no fogar, dúas sobre empadronamento.

Do 14 de marzo, tres sobre bonificación de imposto, dúas sobre comunicacion previa de obras, unha sobre acceso a expediente--

Do 15 de marzo, unha sobre comunicacion previa, unha sobre baixa de imposto ITVM, unha sobre vacacions, unha sobre rectificación erro de adxudicación.

Do 18 de marzo, sobre corrección de erros de adxudicación, dúas sobre nomeamento de tribunal, dúas sobre empadronamento, unha sobre liquidación de taxa, unha sobre exención de ITVM, unha sobre incoación de expte informativo.

Do 19 de marzo, unha sobre permiso por enfermidade de familia, unha sobre tarxeta de estacionamento.

Do 20 de marzo, dúas sobre tarxeta de discapacitados, unha sobre empadronamento e dúas sobre servicio de axuda no fogar, unha sobre tarxeta de estacionamento,

Do 21 de marzo, unha sobre empadronamento, unha sobre comunicación previa de obras, unha sobre delegacion da Alcaldía, unha sobre fraccionamento de débeda, dúas sobre orde de execución, catro sobre liquidacións de Imposto de Incremento de valor de terreos urbanos.

### **3.- MOCIÓN RENC PARA A CREACIÓN DE VIVENDA PÚBLICA EN RIBADAVIA.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de marzo de 2024 adoptou o seguinte ditame

- 1. O Concello de Ribadavia solicita que a Xunta se comprometa a crear vivenda pública**

**en Ribadavia, buscando todas as formas posibles para facelo, tal e como se describe a exposición de motivos, sempre de acordo a norma vixente.**

- 2. Se convoque a Comisión Municipal de Urbanismo, con todos os grupos, para traballar e consensuar as formulas, sempre de acordo a norma vixente.**

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC; reservanse para o pleno os membros de PP,PSOE e BNG.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Brais Fidalgo Martínez ( RENC).-Boa tarde a todos e todas, ao público e ao resto do plenario. Agradecer ao plenario que baixase a participar no minuto de silencio contra a violencia machista. Esperar que pronto estes actos non sexan necesarios e as mulleres poidan exercer como mulleres libres e vivir.

A moción é unha iniciativa xa reivindicada polo noso grupo, figuraba no noso programa de goberno. A competencia é da Xunta ,pero os concellos ten que ser dinamizadores. É unha moción constructiva; a Xunta ten unha gran débeda con Ribadavia neste tema, dende 2001 non fai vivenda pública en Ribadavia.

A enquisa da vivenda en Ribadavia , amosa que hai moita demanda e pouca oferta. Somos , despois da capital, o municipio con máis camas turísticas. O que leva menos ofertas de pisos en aluguer e máis encarecidos. O concello é intermediario ante o IGVS. Propoñemos dúas vivendas como punto de inicio, se está producindo un baleirado do centro de Ribadavia, a rúa Progreso queda baleira. Pedimos unha comisión que faga achegas.

D Xurxo Gómez Alonso (BNG).- Condenar contundentemente o asasinato de Andrea, e as actitudes ambiguas e equidistantes que negan o problema do patriarcado machista. Estamos de acordo coa moción. A clave é conseguir inversión. Preguntar se se vai a incluír Ribadavia no catalogo do IGVS e cómo está o proxecto e a inversión de San Xoán.

D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE).- A moción nos parece ben, é unha cuestión debatida outras veces. Non é só neste concello que non se constrúa vivenda pública, tampouco hai iniciativa privada. O noso grupo defende o espírito da moción, se houbera demanda habería iniciativa privada. Hai terreos e hai espazos ao haber PXOM.

Habería que facer unha reflexión sobre a vía que esta levando o pobo, xa estamos nos 4.700 habitantes, habería que reflexionar como concello. Apoiamos a moción, hai que analizar cuestións.

Se piden alquileres moi elevados, máis alá da vivenda. Non axuda que o concello faga actuacións que non se deben, como a obra da Alameda. Logo se dice que polo PERI e polos técnicos non se pode facer nada, e o concello se pasa a normativa polo forro.As actuacións na Alameda sen permisos sectorias nunha zona BIC.

Apoiamos a vivenda pública, suple a carencia de vivenda privada. Hai áreas de reparto no Plan Xeral,nas que se podería facer un retoque.

Dª Mariluz Expósito Pérez ( PP).-Imos votar a favor, se pode debatir sobre os motivos do problema e as vías de solución, pero todos coincidimos en que a vivenda é unha necesidade.

D Brais Fidalgo Martínez ( RENC).- Agradecer a unanimidade. Matizar que unha moción con estes puntos de acordo, non recordo que se trouxese, non é verdade o que o BNG trouxera unha moción similar, nin o que dixo o PSOE de que se trouxera unha iniciativa similar.

O portavoz do PSOE aludía á iniciativa privada, o contexto socioeconómico cambiou , en todos os países de Europa fan e promoven vivenda pública.

Teño claro que o Rexurbe vai a seguir, San Xoan, Cervantes e García Boente van a seguir. Agora o concello non ten solo que ofrecer á Xunta.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **4.-MOCIÓN PSOE PARA HOMENAXEAR AOS VECIÑOS DE RIBADAVIA QUE XOGARON NO RC CELTA.**

Que a COMISION DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE ,ENOTURISMO E TERMALISMO na súa sesión de data 18 de marzo de 2024 adoptou o seguinte ditame:

No ano 2023 o RC Celta de Vigo celebrou o seu centenario. Ao longo deses 100 anos moitos dos xogadores procedían de Galicia, algúns deles naturais de Ribadavia ou que iniciaron a súa carreira deportiva en clubs de fútbol de Ribadavia.

Queremos destacar aos seguintes veciños

1. Joaquín Cortizo Rosendo (1932-2018) tempadas no Celta de Vigo 1956/57 y 1957/58, foi tamén xogador do Lugo, do Real Zaragoza e Real Xaén.

2. Justo González Calvo "Tito" (1925-2001), veciño de Esposende, tempadas no Celta de Vigo, 1942-1946, xogou nos anos 50 no Deportivo de Lugo. No curso 1961-62 obtén o título de adestrador rexional de fútbol (Alondras F.C de Cangas e o Gran Peña).

3. Venancio González Iglesias (1914-1978), coñecido na historia do Celta como o capitán Veneno, foi xogador do Celta as tempadas 1933-1936, 1938-1948. Este xogador procedía do equipo local de fútbol Olímpico de Ribadavia. Foi vicesecretario da dirección do Celta de Vigo no ano 1960.

4. Juan Francisco Fernández Alonso (1927-2012) de San Cristobo tempadas no Celta 1952-57, sendo a sua dona Esperanza Lamas Espiñeira. Foi tamén xogador do Pontevedra e da Unión Ourenzana.

5. Argimiro Pérez García "Pichi Lucas" (1959), veciño de Camponaraya (León) xogador xuvenil do Ribadavia Atl, pasou logo o Celta xogando as tempadas 1980-1990.

1. Homenaxear en cooperación co RC Celta de Vigo os xogadores que prestaron seus servizos deportivos no equipo celeste.

2. Desenvolver ese acto no ano 2024 cun partido entre as categorías inferiores do Celta e o Ribadavia Atl e Francelos.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PSOE; reservanse para o pleno os membros de PP, BNG e RENC .. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Luis Gulín Iglesias ( PSOE).- Boas tardes a todos e aos que nos seguen.

O ano pasado foi o centenario do Real Club Celta, varios veciños de Ribadavia e xogadores do Ribadavia atlético xogaron no primeiro equipo do Real Club Celta. Recordar a

Joaquín Cortizo Rosendo (1932-2018) tempadas no Celta de Vigo 1956/57 y 1957/58,

Justo González Calvo "Tito" (1925-2001), veciño de Esposende, tempadas no Celta de Vigo, 1942-1946.

Venancio González Iglesias (1914-1978), coñecido na historia do Celta como o capitán Veneno, foi xogador do Celta as tempadas 1933-1936, 1938-1948

Juan Francisco Fernández Alonso (1927-2012) de San Cristovo tempadas no Celta 1952-57.

Argimiro Pérez García "Pichi Lucas" (1959), veciño de Camponaraya (León) xogador xuvenil do Ribadavia At

Manuel Amoedo , veciño de San Cristovo , xogou nas tempadas 1952-1957

D Luis Gulín Iglesias ( PSOE).- Propoñemos como homenaxe a estes veciños e vencellado ao centenario do Celta , e en contacto co Real Club Celta e coa Fundación do Celta, unha exposición coas fotos dos homenaxeados e un partido homenaxe coas categorías inferiores do Ribadavia Atlético e do Francelos., e contactar cos xogadores e cos familiares para que estén presentes no homenaxe. Agradecer o interés e o apoio á moción.

D Brais Fidalgo Martínez ( RENC).- Agradecer a iniciativa que reforza a memoria histórica como pobo.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez ( BNG).- Fago miñas as palabras de Xurxo, ogallá deixara de existir a violencia contra as mulleres e a violencia vicaria.

Os grupos da oposición intentamos encher de contido o pleno, se as mocións non se cumpren é un traballo ingrato.

Dº Mariluz Expósito Pérez ( PP).- Estamos a favor, agradecer o traballo de búsqueda de información e preparar o homenaxe.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **5.- MOCIÓN BNG A PROL DA CREACIÓN DUN ESPAZO DE COWORKING.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de marzo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1.-Que o concello de Ribadavia poña en funcionamento unha sala de coworking nun local da súa propiedade ou cedido por algunha administración superior, que axude a que traballadores en remoto da nosa comarca teñan un local onde poder traballar e interaccionar con outros traballadores a vez que permita aos emprendedores dispór dunha sede na que poder arrancar os seus novos proxectos.

2.-A sala de coworking deberá establecer un prezo competitivo mensual que axude a facer atractiva esta modalidade no noso concello, convertíndose nun referente na nosa comarca.

3.-A sala deberá ofrecer diferentes modalidades, xa que non debe ser o mesmo prezo se o posto é completo (proporcionando pantalla de ordenador, con teclado, rato etc) como se non o é (ofertando soamente espazo de mesa e silla) ou se o posto é fixo ou flotante (modalidade na que cada día tería que coller un lugar dispoñible, non é reservado só para a

persoa).

De seguido sometese a votación a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG ; reservanse para o pleno os membros de PP,PSOE e RENC.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estes espazos se están extendendo por todos os lugares, para xente que esté traballando, relacións con diferentes empresas e persoas. Favorece o traballo cooperativo, compartido, integrado.

En Ribadavia houbo un viveiro de empresas, pero era para empresas de nova creación, non era unha alternativa tan real.

D Brais Fidalgo Martínez ( RENC).- Me sorprende que non se mencionara o viveiro de empresas, que foi promovida por unha concellería do BNG.

É unha boa iniciativa,non sei se hai demanda real. Depende de que o concello o inclúa no orzamento, na moción non se inclúe o coste.

O anterior goberno tiña un proxecto no antigo matadoiro, se podía ter destinado a isto. Non hai tantos locais do concello aptos. Hai que ver onde están as instalacións do GES.

Para esta finalidade se requiriría arranxar un local ou un aluger. Imos votar a favor.

Depende da capacidade de inversión ou de convenios.

D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Cada vez máis persoas emprendedoras comparten espazos por non poder asumir os gastos de aluger, luz, etcétera... Se recorre a estes espazos. Estamos a favor. Que o concello faga xestións para adquirir espazos para este fin.

D<sup>a</sup> Mariluz Expósito Pérez (PP).- Nos parece unha boa idea. Non é tan fácil de levar a práctica. Hai que ver se hai demanda real, buscar un local.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non temos capacidade para coñecer o custe. Hai moitos baixos pechados en Ribadavia, non fai falta un edificio de cinco plantas.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **6.- MOCIÓN BNG PARA A SEGURIDADE VIARIA NA PARROQUIA DE SAN CRISTOVO.**

a comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de marzo de 2024 adoptou o seguinte ditame

- Que o Concello inste á Xunta a poñer solución ós problemas de seguridade viaria neste treito.
- Que se introduzan elementos disuasorios da velocidade, como por exemplo, dar continuidade ós “Badéns” que cubren a Rúa Ribeiro, a Rúa do Carballiño e a Rúa Muñoz Calero.
- Que se introduzan no tramo referido, elementos vexetais nas beirarúas tales como xardiñeiras, plantas, etc. para axudar á redución da velocidade.
- Que se introduzan todas as demais medidas que os expertos consideren oportunas.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG, RENC ; reservanse para o pleno os membros de PP,PSOE .. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Xurxo Gómez Alonso- Solicitar que as mocións que se aproben se leven a cabo, sería o normal.

Todos somos conscientes de que este é un problema moi grande e moi perigoso fai moitos anos. Tense ocasionado varias mortes, só hai un paso de peóns, non hai nada que reduza a velocidade do tráfico na zona. Na recta se entra a unha velocidade de 80 ou 100 kilómetros por hora. Tamén en Francelos hai un tramo moi perigoso; e en Prexigueiro e San Paio. Se podían colocar pasos de peóns elevados ou elementos vexetais para obrigar a reducir a velocidade. Os veciños están moi enfadados, hai verdadeiros problemas para cruzar, mesmo se chegou a atopar a unha persoa sentada nun banco.

D Brais Fidalgo Martínez ( RENC).- É un tema fundamental e vello. Todas as vías mencionadas son da titularidade da Xunta.

Dende o concello todos os gobernos trasladaron reclamacións de melloras de seguridade, a AXI non deu solucións.

Todos os grupos deben dar apoio ao goberno para trasladar esta petición á AXI.

A estrada a Filgueira, que está sen pintar, tamén é da AXI. Agora non vale a excusa de que chove.

Agardemos que a Xunta faga caso. A anterior conselleira da Xunta foi nefasta para Ribadavia. A Xunta do PP retrasa e posterga as inversións en Ribadavia.



D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Somos coñecedores da situación das estradas municipais e provinciais.

Hai dúas cuestións a rematar polo goberno, se fixo a primeira fase das beirarrúas de San Cristovo, falta tramitar a segunda fase coa AXI.

Asfaltar e pintar o tramo ata Cea.

Este problema se sofre eiquí e en Francelos, o goberno do PSOE fixo trámites, só se puxo un paso de peóns.

A culpa e dos coches e camións que transitan de xente de fóra, non dos veciños.

Hai que limitar a velocidade, e lle corresponde á AXI.

D<sup>a</sup> Mariluz Expósito Pérez (PP).- Lle trasladaremos a moción á administración competente, para que busque a solución técnica mellor.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **7.-MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Non houbo.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Hai un escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo cun requerimento en relación ao informe de avaliación de edificios, preguntar se se vai a facer algo ao respecto.

Respecto ao Plan de dinamización do Rexurbe, que hai unha moción aprobada, solicitar que se culminen as obras na praza de San Xoan, Cervantes e García Boente.

Hai moitas queixas das notificacións de limpeza de soares, non atinan na necesidade de limpeza ou na titularidad. Solicitar que se recollan as queixas dos veciños. Debe realizarse unha comprobación antes de remitir.

Solicitar unha mellora da limpeza no casco histórico. Hai xardiñeiras con mal aspecto, amosa a despreocupación do goberno.

Hai unha moción para adquirir terreo a carón do Instituto, preto do antigo Evencio. Preguntar cómo está a cuestión.

As marquesiñas do IES as tiña pedido o anterior goberno.

Que a Xunta arranxe as pingueiras do pavillón de Maquians.

Que o concello informe a poboación do superavit de 600.000 euros.

Presentei un escrito solicitando que se parara a obra da Alameda no entorno dun BIC.

Alcalde.- Tomo nota dos rogos. Se está elaborando unha modificación da ordenanza de tráfico.

No Rexurbe hai un borrador de documento, houbo que facer correccións, se trasladará ao novo goberno para elevar ao Consello da Xunta.

A investigación das franxas para a limpeza de fincas a fixo Seaga, foron 1.800 notificacións. O concello só as asinou e Seaga as remitiu. Se trasladará a problemática a Seaga.

Na Alameda só se fixo unha compactación dun solo blando

D Xurxo Gómez Alonso (BNG).- Francelos e Prexigueiro están sen luz dende as seis.

Alcalde.- Eléctrica de Melón tivo unha avería.

D Xurxo Gómez Alonso ( BNG).- Solicitar que se retiren os escombros do campo da feira.

Que se desbroce na baixada A Barca.

Sairon publicadas no Diario Oficial de Galicia 147 prazas de policía local, vai a solicitar algunha o concello.

Sobre o proxecto de estrada A Veiga, preguntar se hai prazos e orzamento.

Leí nunha xunta de goberno que Aqualia interpuso un recurso contencioso-administrativo contra o concello ¿ de que se trata?

Que se proceda de forma urxente a reparar o punto limpo.

¿ Cómo están as xestións para o novo edificio do GES?

¿ Se vai a esixir á empresa en Prexigueiro que acondicione as termas públicas?

Saiu na prensa que hai un contencioso administrativo entre a Xunta e unha empresa vitivinícola de Santo André ¿ que fai o concello ao respecto?

Preguntar polos prazos na casa de San Xoán.

¿ Cómo está o tema da depuradora de Francelos?

Alcalde.- Sobre os auxiliares da policía local se falará coa policía local e se tomará unha determinación.

A carretera da Veiga se fará cando se consiga o financiamento.

O contencioso con Aqualia é unha reclamación patrimonial, Aqualia entende que houbo un encargo do concello e reclama o custe; o concello entende que estaba dentro das súas obrigas e non quere pagar.É o inicio do procedemento.

Respecto ao punto limpo coincidimos totalmente, no pleno do mes que ven espero poder decir que xa está correxido.

D Xurxo Gómez Alonso ( BNG).- Que se retire de Internet a indicación de que está aberto.

Alcalde.- Non hai avance no tema da nave do GES.

Respecto á empresa de Santo André o concello deu todos os pasos que tiña que dar, é un tema que leva moitos anos.

A depuradora funciona con normalidade.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez ( BNG).- Hai moitos traballadores de baixa,nas comisións se dixo que non se podía contratar.

Hai veciños que dicen que lles chegan recibos de vehículos que non teñen e recibos do IBI de casas en desuso ou abandonadas.

Na cata do día da muller na Madalena había moitas sillas baleiras, non se publicitou acoidadamente.

Enfrente do cruce a Francelos hai un soar que se está usando como aparcadoiro de coches.

Alcalde.- Pode falar co interventor sobre a situación económica do concello.

O IBI non se pasa ata o mes de agosto.

Dª Noelia Rodríguez Travieso ( PSOE).- Na estrada da Franqueiran se remataron as obras e quedaron sinais sen retirar. Se precisa un elemento de seguridade nesa subida, poden sairse os vehículos

Os concellos son clave para eliminar as desigualdades, o 8-M , non houbo nin concentración nin manifesto. Algo que só acontece en concellos de Vox. Se vos non sodes quen de facelo, calquera traballadora do concello o pode facer.

Preguntar se hai informes sectoriais para as sinais na Virxe do Portal e para as obras da Alameda.

Preguntar por qué non se pinta a estrada de Francelos a Prexigueiro.

Alcalde.- A obra na alameda foi consultada coas arquitectas municipais , que fixeron consultas a Patrimonio que deu permiso verbal.

D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso ( PSOE).- Faga as consultas aos técnicos por escrito.

Alcalde.- O 8-M se fixeron actividades, houbo un programa variado de reivindicación da muller traballadora. O compromiso da institución é inequívoco.

Na sinalización da Franqueirán se pedirá a retirada das sinais.

Respecto as sinais na Virxe do Portal consultarei e sobre as colocadas no mandato anterior.

D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso ( PSOE).- Non cuestionarei as actividades do 8-M.

D Luis Gulín Iglesias ( PSOE).- A pregunta sobre a convocatoria dos auxiliares da Policía local non é se se van a solicitar, senón porque non se solicitaron, en Ourense só pediron Barbadas e o Barco de Valdeorras.

Hoxe se publica unha convocatoria do IGVS para mellora da accesibilidade da poboación embellecida, sería convinte que dende o concello , en colaboración con servizos sociais e as arquitectas municipais, se informase á poboación.

Un rogo ao concelleiro Juan Carlos Fernández, dende o grupo municipal socialista alabamos o seu traballo entusiasta, pero lle lembramos que a Lei de prevención de riscos laborais lle impide utilizar maquinaria municipal.

Alcalde.- O tema dos auxiliares da policía local non funciona así, se pedirían de cara ao verán. Hai unha lista e se solicitan de esa lista. Se faría previa consulta coa policía local , tradicionalmente no verán.

E sendo as dez horas e non habendo máis asuntos que tratar o alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.